# Programación Didáctica

## MÚSICA

## (Educación Primaria)



**CPI de Xanceda**

**Curso 2018/2019**

ÍNDICE


Páxina

1. Contexto 3
2. Contribución de cada área ao desenvolvemento das competencias clave. 4
3. Obxectivos. 5
4. Contidos e temporalización por materias. 6
5. Criterios de avaliación. 16
6. Estándares de aprendizaxe avaliables. 17
7. Metodoloxía didáctica. 50
8. Materiais e recursos didácticos. 51
9. Procedementos e instrumentos de avaliación. 52
10. Criterios de cualificación. 52
11. Mínimo dos estándares para a avaliación positiva. 53
12. Medidas de atención á diversidade. 73
13. Programa de reforzo para a recuperación de materias pendentes. 73
14. Actividades complementarias e extraescolares. 73
15. Accións previstas de acordo co plan lector. 73
16. Integración das TIC´s 74
17. Criterios para avaliar a propia programación. 75

## 1. Contexto

O CPI de Xanceda sitúase no concello de Mesía, comarca de Ordes, provincia de A Coruña, unha zona de escaso desenvolvemento industrial e de predominio do sector primario. Conta con 11 unidades: 1 de Educación Infantil, 6 de Ed. Primaria e 4 de Ed. Secundaria; que acolle alumnado pertencente aos Concellos de Mesía (na maioría) e Frades. Ademais incorpóranse os alumnos/as das escolas unitarias de Olas, Mesía, e Visantoña. A escolarización do centro comprende dende 4º de Educación Infantil ata 4º da ESO. Cando o alumnado remata a ESO xeralmente opta por continuar estudos en Ordes ou en Curtis, e incluso en centros de A Coruña. O horario escolar desenvólvese de 9:30h a 16:00h, incluídos aquí os tempos de lecer de mañá e comedor. A xornada será reducida nas datas concretadas no punto 14 desta programación.

A localidade conta cunha casa da cultura con capacidade para unhas 100 persoas, varias escolas de música tradicional e, no concello limítrofe de Ordes, cunha escola municipal de música. Nelas adóitanse desenvolver actividades musicais nas que participa alumnado do centro.

### 1.1. Infraestrutura

O centro consta de tres edificios: un de Educación Primaria (o principal), un de Educación Secundaria, e un pavillón cedido polo concello ao centro para as actividades necesarias.

No primeiro andar do edificio principal sitúase a aula de música, un espazo amplo acondicionado para o desenvolvemento das clases, común a Primaria e Secundaria. Conta cun pequeno escenario en ocasións empregado como salón de actos.

### 1.2. Alumnado

| Curso | Alumnado |
|---|---|
| 1º de Educación Primaria | 10 |
| 2º de Educación Primaria | 10 |
| 3º de Educación Primaria | 14 |
| 4º de Educación Primaria | 18 |
| 5º de Educación Primaria | 11 |
| 6º de Educación Primaria | 14 |
| * *Educación Infantil (4º,5º,6º)* | 17 |
| **Alumnado total en Educación Primaria** | **77 + * (17 E.I )** |

2. Contribución de cada área ao desenvolvemento das competencias clave.

Segundo o Artigo 4 do *Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia*, as competencias son *"as capacidades para aplicar de forma integrada os contidos propios de cada ensinanza e etapa educativa, co fin de lograr a realización axeitada de actividades e a resolución eficaz de problemas complexos"*. En liña coa *Recomendación 2006/962/EC, do Parlamento e do Consello, do 18 de decembro de 2006, sobre as competencias clave a* denominación das definidas pola Unión Europea. Considérase que *"as competencias clave son aquelas que todas as persoas precisan para a súa realización e desenvolvemento persoal, así como para a cidadanía activa, a inclusión social e o emprego"*.

| **Competencias clave** | |
|---|---|
| **Competencia en Comunicación Lingüística** | CCL |
| **Competencia Matemática e Competencias básicas en Ciencia e Tecnoloxía** | CMCCT |
| **Competencia Dixital** | CD |
| **Competencia de Aprender a Aprender** | CAA |
| **Competencia Social e Cívica** | CSC |
| **Competencia en Sentido de Iniciativa e Espírito Emprendedor** | CSIEE |
| **Competencia en Conciencia e Expresións Culturais** | CCEC |

A materia de Música contribúe ao desenvolvemento de todas elas:

. Comunicación lingüística: Emprego das linguaxes verbais e non verbais, desenvolve a atención, a audición e a memoria musical. Contribúe á riqueza dos intercambios comunicativos e das normas que os rexen, fomenta a adquisición de vocabulario e a expresión de sensacións, sentimentos, emocións e vivencias. Axuda a desenvolver capacidades relacionadas coa fala (respiración, dicción, articulación, fraseo) e fomenta a creatividade mediante cancións e sinxelas dramatizacións.

. Competencia matemática e competencia en ciencia e tecnoloxía: Contribúe ao desenvolvemento do pensamento loxico-matemático a través da lectura musical integrando tempos e ritmos, así como aos procesos de ordenación, secuenciación, seriación, estruturación, repetición e alternancia, proporcionalidade e numeración.

. Competenciadixital: A Educación Musical fai uso das TIC como ferramenta para amosar os procesos relacionados coa música e a creación de producións artísticas a través de sinxelos programas ou editores musicais.

.Aprender a aprender: A través de actividades cooperativas, nas que o alumnado colabora e dialoga procurando consenso, razoamento e comprensión das ideas propias e dos demais. Favorece que o alumnado amplíe de forma progresiva o seu saber e facer dende a reflexión práctica, a tolerancia á frustración, a valoración das dificultades e dos erros como claves para o avance, a satisfacción resultante dos logros, o interese pola procura de solucións e a capacidade para autoavaliarse e cooperar.

. Competencia social e cívica: Experiencias musicais colectivas como forma de expresar ideas propias, valorar as persoas e coordinar accións propias e alleas, aproximando o alumnado a outras formas de expresión, valorando a diversidade que nos enriquece ao fomentar unha actitude aberta, integradora e respectuosa ante outras manifestacións artísticas diferentes ás nosas. O benestar persoal e colectivo, a adquisición de habilidades para a prevención e resolución pacífica de conflitos.

. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor: A través de improvisacións vocais, instrumentais e corporais de maneira individual e colectiva. A actividade creadora potencia a capacidade para indagar, experimentar, imaxinar, prever, planificar e realizar as súas propias producións. A creatividade esixe actuar con autonomía, pór en marcha iniciativas, manexar posibilidades e solucións diversas.

. Conciencia e expresións culturais: A través da escoita, da interpretación, da creación e/ou da composición, de forma individual e colectiva, para a comprensión do feito musical entendido como fonte de pracer e enriquecemento persoal, valorando o patrimonio artístico como expresión e riqueza cultural de cada pobo.

## 3. Obxectivos.

O *Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia* recolle que *"a **finalidade** da educación primaria é facilitarlles aos alumnos e ás alumnas as aprendizaxes da expresión e da comprensión oral, a lectura, a escritura, o cálculo, a adquisición de nocións básicas da cultura, os hábitos de convivencia, de estudo e de traballo, o sentido artístico, a creatividade e a afectividade, co fin de garantir unha formación integral que contribúa ao*

*pleno desenvolvemento da súa personalidade e de preparalos/as para cursar con aproveitamento a Eeducación secundaria obrigatoria".*

Os **obxectivos** son *"os referentes relativos aos logros que o alumnado debe alcanzar ao rematar o proceso educativo, como resultado das experiencias de ensino e aprendizaxe intencionalmente planificadas para tal fin".* Recóllense no **Decreto 105/2014,** dos cales o máis relacionado coa educación musical é o obxcetivo **j)** *"Utilizar diferentes representacións e expresiónss artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais", ademais traballarei para que o alumnado acade os seguintes* de igual importancia: ***a)*** *Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar dacordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio de una sociedade democrática,* ***b)*** *Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en sí mesmo/a, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe e espírito emprendedor,* ***c)*** *Adquirir habilidades para a prevención y para a resolución pacífica de conflitos que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos que se relacionan,* ***d)*** *Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas con discapacidade nin por outros motivos,* ***e)*** *Coñecer e empregar de maneira apropiada a lingua galega e a lingua castelá, e desenvolver hábitos de lectura en ambas linguas,* ***k)*** *Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo y o das demais persoas, respectar as diferenzas e empregar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social,* ***o)*** *Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia ás mujeres e homes que realizaron aportacións importantes á cultura e á sociedade galega".*

4. Contidos e temporalización da materia.

O *Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia,* recolle que os contidos son *"o conxunto de coñecementos, habilidades, destrezas e actitudes que contribúen ao logro dos obxectivos de cada ensinanza e etapa educativa, e á adquisición de competencias. Os contidos ordénanse en disciplinas, que se clasifican en materias, ámbitos, áreas e módulos*

*en función das ensinanzas, as etapas educativas ou os programas en que participe o alumnado".*

E establece 3 bloques de contidos musicais: Bloque 1 A escoita, bloque 2 Interpretación musical e bloque 3 A música, o movemento e a danza, que concretados por niveis son:

**CURSO 1º**

**BLOQUE 1.** A ESCOITA

**B1.1.** Calidades do son: timbre, duración, altura e intensidade.

**B1.2.** Identificación de trazos distintivos de sons do contexto natural e social.

**B1.3**. Representación corporal e gráfica de sons de diferentes características.

**B1.4.** Utilización de xogos e aplicacións informáticas educativas sinxelas para a discriminación auditiva. Curiosidade por descubrir os sons do contexto e as súas características.

**B1.5**. Audición de pezas vocais e identificación de voces femininas e masculinas.

**B1.6.** Recoñecemento visual e auditivo, e denominación dalgúns instrumentos musicais da aula e da música escoitada e interpretada no contexto do alumnado.

**B1.7**. Audición de pezas vocais e instrumentais.

**B1.8.** Audición activa e recoñecemento dunha selección de pezas musicais breves.

**B1.9**. Identificación das principais profesións relacionados coa música e da actividade que se desenvolve nelas (dirección, instrumentista e público).

**B1.10**. Comunicación oral das impresións que causa a música escoitada.

**B1.11**. Elementos da música: tempo e dinámica.

**B1.12.** Distinción e representación corporal ou gráfica dalgúns elementos da música escoitada.

**B1.13**. Forma musical: repetición e contraste. Identificación da repetición (AA) e o contraste (AB) en cancións e obras musicais.

**BLOQUE 2.** INTERPRETACIÓN MUSICAL

**B2.1.** Exploración das posibilidades sonoras da voz, o corpo e os obxectos

**B2.2.** Construción de instrumentos musicais sinxelos con obxectos de uso cotián.

**B2.3.** Práctica de xogos de relaxación, respiración, dicción e coordinación.

**B2.4.** Interpretación e memorización de ladaíñas e cancións ao unísono.

**B2.5.** Imitación de fórmulas rítmicas e melódicas.

**B2.6.** Lectura e interpretación de partituras breves e sinxelas con grafías non convencionais, e de esquemas rítmicos e melódicos elementais con notación tradicional.

**B2.7.** Iniciación á notación musical e ás grafías non convencionais como medio de representación da música: pentagrama, clave de sol, colocación das notas no pentagrama, figuras brancas, negras e silencio de negra.

**B2.8.** Utilización da percusión corporal e dos instrumentos de pequena percusión como recursos para o acompañamento de textos, cancións e danzas.

**B2.9.** Selección e combinación de obstinatos rítmicos e efectos sonoros para o acompañamento de recitacións, cancións e pezas instrumentais.

**B2.10.** Selección de sons vocais, obxectos e instrumentos para a sonorización de situacións, relatos breves e imaxes.

**BLOQUE 3.** A MÚSICA, O MOVEMENTO E A DANZA.

**B3.1.** Práctica de técnicas básicas do movemento: mobilización funcional, movementos fundamentais de locomoción e deseños no espazo.

**B3.2.** Práctica de xogos motores acompañados de secuencias sonoras, cancións e pezas musicais, e interpretación de danzas sinxelas.

**B3.3.** Improvisación de movementos en resposta a diferentes estímulos sonoros.

**CURSO 2º**

**BLOQUE 1.** A ESCOITA

**B1.1.** As calidades do son: timbre, duración, altura e intensidade.

**B1.2.** Identificación de trazos distintivos de sons do contexto natural e social.

**B1.3.** Representación corporal e gráfica de sons de diferentes características.

**B1.4.** Utilización de xogos e aplicacións informáticas educativas sinxelas para adiscriminación auditiva. Curiosidade por descubrir os sons do contexto e as súas características.

**B1.5.** Audición de pezas vocais e identificación de voces femininas, masculinas e infantís.

**B1.6.** Recoñecemento visual e auditivo, e denominación dalgúns instrumentos musicais da aula e da música escoitada e interpretada no contexto do alumnado.

**B1.7.** Audición de pezas vocais e instrumentais.

**B1.8.** Audición activa e recoñecemento dunha selección de pezas musicais breves, de culturas e de estilos diferentes.

**B1.9.** Audición activa dalgunha peza do repertorio tradicional galego.

**B1.10.** Identificación das principais profesións relacionados coa música e da actividade que desenvolven (composición, dirección, instrumentista e público).

**B1.11.** Comunicación oral das impresións que causa a música escoitada.

**B1.12.** Normas básicas de comportamento en concertos e outras representacións musicais.

**B1.13.** Elementos da música: tempo (adagio, andante e allegro), dinámica e carácter.

**B1.14.** Distinción e representación corporal ou gráfica dalgúns elementos da música escoitada.

**B1.15.** Forma musical: repetición e contraste.

**B1.16.** Identificación da repetición (AA) e o contraste (AB) en cancións e obras musicais.

**B1.17.** Pulso e acento. Compás binario.

**B1.18.** As familias de instrumentos: vento, corda e percusión.

**BLOQUE 2.** INTERPRETACIÓN MUSICAL

**B2.1.** Exploración das posibilidades sonoras da voz, o corpo e os obxectos.

**B2.2.** Construción de instrumentos musicais sinxelos con obxectos de uso cotián.

**B2.3.** Iniciación á frauta doce. O xilófono e o metalófono.

**B2.4.** Práctica de xogos de relaxación, respiración, dicción e coordinación.

**B2.5.** Imitación de fórmulas melódicas.

**B2.6.** Interpretación e memorización de ladaíñas e cancións ao unísono.

**B2.7.** Imitación de fórmulas rítmicas.

**B2.8.** . Lectura e interpretación de partituras sinxelas con grafías non convencionais e de esquemas rítmicos e melódicos elementais con notación tradicional.

**B2.9.** Notación musical e grafías non convencionais como medio de representación da música. Colocación dalgunha nota no pentagrama.

**B2.10.** Utilización da percusión corporal e os instrumentos como recursos para o acompañamento de textos, cancións e danzas.

**B2.11.** Selección e combinación de ostinatos rítmicos e efectos sonoros para o acompañamento de recitacións, cancións e pezas instrumentais.

**B2.12.** Selección de sons vocais, obxectos e instrumentos para a sonorización de situacións, relatos breves e imaxes.

**B2.13.** Improvisación de esquemas rítmicos e melódicos mediante o procedemento de pregunta- resposta.

**BLOQUE 3.** A MÚSICA,O MOVEMENTOE A DANZA

**B3.1.** Práctica de técnicas básicas do movemento: mobilización funcional, movementos fundamentais de locomoción e deseños no espazo.

**B3.2.** Práctica de xogos motores acompañados de secuencias sonoras, cancións e pezas musicais, e interpretación de danzas sinxelas.

**B3.3.** Práctica dalgunha danza tradicional galega.

**B3.4.** Improvisación de movementos en resposta a diferentes estímulos sonoros.

**CURSO 3º**

**BLOQUE 1.** A ESCOITA

**B1.1.** Audición activa dunha selección de pezas instrumentais e vocais de diferentes estilos e culturas, adaptadas á idade do alumnado.

**B1.2.** Asistencia a algunha representación musical.

**B1.3.** Interese polo repertorio tradicional de Galicia e das zonas de procedencia dos compañeiros e das compañeiras.

**B1.4.** Audición de obras musicais de distintas características e procedencias.

**B1.5.** Actitude atenta e silenciosa, e respecto polas normas de comportamento durante a audición de música e na asistencia a representacións.

**B1.6.** Recoñecemento de calidades dos sons: intensidade, duración, altura e timbre.

**B1.7.** Acento e pulso.

**B1.8.** Elementos musicais. Tempo e matices: forte, piano e mezzoforte.

**B1.9.** Identificación dos rexistros de voces graves e agudas, así coma das posibles agrupacións vocais e instrumentais (solista, dúo, trío e coro).

**B1.10.** Compases binarios e ternarios.

**B1.11.** Recoñecemento e identificación das partes dunha peza musical. Formas musicais binarias e ternarias.

**BLOQUE 2.** INTERPRETACIÓN MUSICAL

**B2.1.** Lectura e interpretación de pezas instrumentais e cancións sinxelas de maneira colectiva, con ou sen acompañamento, con distintos tipos de grafías.

**B2.2.** Frauta doce: dixitación da escala de dó sen alteracións.

**B2.3.** Iniciación aos instrumentos de placas Orff en acompañamentos de pezas sinxelas.

**B2.4.** Rexistro da música creada na aula mediante gravacións para a súa escoita posterior e a súa valoración.

**B2.5.** Dobre barra e D.C.

**B2.6.** Ditados rítmicos con grafías de negra, branca, redonda e corchea, e os seus silencios.

**B2.7.** Ditados melódicos sinxelos.

**B2.8.** Improvisación de esquemas rítmicos e melódicos sobre bases musicais dadas.

**B2.9.** Creación guiada de pezas musicais sinxelas a partir de elementos dados.

**B2.10.** Recreación musical e sonorización dun texto oral ou escrito.

**B2.11.** Sonorización de imaxes ou representacións dramáticas usando materiais, instrumentos e dispositivos electrónicos.

**B2.12.** Construción dun instrumento.

**BLOQUE 3.** A MÚSICA, O MOVEMENTO E A DANZA

**B3.1.** Recoñecemento do corpo como instrumento rítmico e de expresión corporal.

**B3.2.** Creación de pequenas coreografías para obras musicais breves e de estrutura sinxela.

**B3.3.** Reprodución de xogos motores e secuencias de movementos fixados ou inventados, procurando unha progresiva coordinación individual e colectiva.

**B3.4.** Iniciación á interpretación de danzas tradicionais galegas e doutras culturas.

**CURSO 4º**

**BLOQUE 1.** A ESCOITA

**B1.1.** Audición activa dunha selección de pezas instrumentais e vocais de distintos estilos e culturas adaptadas á idade do alumnado.

**B1.2.** Asistencia a representacións musicais e comentario posterior.

**B1.3.** Interese polo repertorio tradicional de Galicia e das zonas de procedencia dos compañeiros e das compañeiras.

**B1.4.** Audición e análise de obras musicais de distintas características e procedencias.

**B1.5.** Actitude atenta e silenciosa, e respecto polas normas de comportamento durante a audición de música e na asistencia a representacións.

**B1.6.** Recoñecemento de calidades dos sons: intensidade, duración, altura e timbre.

**B1.7.** Acento e pulso.

**B1.8.** Elementos musicais: indicacións de tempo e matices (fortísimo, forte, piano e mezzoforte; dinámica e reguladores).

**B1.9.** Identificación dos rexistros de voces graves e agudas, así como as posibles agrupacións vocais e instrumentais (dúo, trío, cuarteto, orquestra e banda).

**B1.10.** Compases de 2/4, 3/4 e 4/4.

**B1.11.** Instrumentos: clasificación tradicional (vento, vento-madeira, vento-metal, corda percutida, friccionada e punteada, e percusión determinada e indeterminada).

**B1.12.** Instrumentos da orquestra: achegamento á súa colocación.

**B1.13.** Instrumentos da cultura galega e doutras culturas.

**B1.14.** Recoñecemento e identificación das partes dunha peza musical. Formas musicais binarias, ternarias e rondó.

**B1.15.** Uso de aplicacións informáticas educativas sinxelas para a análise e a produción musical.

**BLOQUE 2.** INTERPRETACIÓN MUSICAL

**B2.1.** Reprodución de pezas instrumentais e cancións sinxelas ao unísono, de maneira colectiva, con ou sen acompañamento. Frauta doce: dixitación da escala de do sen alteracións.

**B2.2.** Uso dos instrumentos de placas Orff en acompañamentos de pezas sinxelas.

**B2.3.** Rexistro gravado da interpretación feita e posterior análise e comentario.

**B2.4.** Coordinación e sincronización individual e colectiva na interpretación: simultaneidade, sucesión e alternancia.

**B2.5.** Ditados rítmicos con figuras de negra, branca, redonda e corchea e os seus silencios en compases binarios e ternarios.

**B2.6.** Ditados melódico-rítmicos sinxelos.

**B2.7.** Improvisación de esquemas rítmicos e melódicos sobre bases musicais dadas.

**B2.8.** Creación de pequenas melodías e acompañamentos sinxelos de melodías dadas.

**B2.9.** Recreación musical e sonorización dun texto oral ou escrito.

**B2.10.** Sonorización de imaxes, vídeos ou representacións dramáticas usando distintos materiais instrumentos e dispositivos electrónicos.

**B2.11.** Invención e construción dun instrumento.

**BLOQUE 3.** A MÚSICA, O MOVEMENTO E A DANZA

**B3.1.** Recoñecemento do corpo como instrumento rítmico e de expresión corporal.

**B3.2.** Creación de pequenas coreografías para obras musicais breves e de estrutura sinxela.

**B3.3.** Reprodución de xogos motores e secuencias de movementos fixados ou inventados,

procurando unha progresiva coordinación individual e colectiva.

**B3.4.** Interpretación de danzas tradicionais galegas e doutras culturas.

**CURSO 5º**

**BLOQUE 1.** A ESCOITA

**B1.1.** Audición activa dunha selección de pezas instrumentais e vocais de diferentes estilos e culturas adaptadas á idade do alumnado.

**B1.2.** Asistencia a representacións musicais.

**B1.3.** Recoñecemento de calidades dos sons: intensidade, duración, altura e timbre.

**B1.4.** Acento e pulso.

**B1.5.** Elementos musicais: indicacións de tempo e matices (fortísimo, forte, piano e mezzoforte; dinámica e reguladores).

**B1.6.** Identificación dos rexistros de voces graves e agudas, así como as posibles agrupacións vocais e corais.

**B1.7.** Compases de 2/4, 3/4 e 4/4.

**B1.8.** Elaboración dun proxecto de difusión da cultura musical.

**B1.9.** Instrumentos: clasificación técnica segundo a produción do son (aerófonos, cordófonos, membranófonos, idiófonos e electrófonos).

**B1.10.** Agrupacións instrumentais (orquestra, banda, tuna etc.).

**B1.11.** Instrumentos doutras culturas.

**B1.12.** Recoñecemento e identificación das partes dunha peza musical. Formas musicais binarias, ternarias e rondó.

**B1.13.** Melodías con cambios de compás.

**B1.14.** Interese polo repertorio tradicional de Galicia e das zonas de procedencia dos compañeiros e das compañeiras.

**B1.15.** Investigación de campo sobre a música do seu concello en relación coa maneira de vivir dos seus devanceiros e das súas devanceiras.

**BLOQUE 2.** <u>INTERPRETACIÓN MUSICAL</u>

**B2.1.** Reprodución de pezas instrumentais e cancións sinxelas ao unísono e canons, de maneira colectiva, con ou sen acompañamento. Frauta doce: dixitación da escala de dó sen alteracións.

**B2.2.** Uso dos instrumentos de placas Orff e/ou percusión determinada ou indeterminada en acompañamentos de cancións e melodías relacionadas coa cultura galega e con outras culturas.

**B2.3.** Gravación e rexistro da interpretación.

**B2.4.** Ditados rítmicos con figuras de negra, branca, redonda e corchea, e os seus silencios en compases binarios, ternarios e cuaternarios.

**B2.5.** Ditados melódico-rítmicos sinxelos.

**B2.6.** Creación de pequenas melodías e acompañamentos sinxelos de melodías dadas.

**B2.7.** Proxecto: concerto ou musical.

**B2.8.** Recreación musical e sonorización dun texto oral ou escrito.

**B2.9.** Sonorización de imaxes ou representacións dramáticas usando diversos materiais, instrumentos e dispositivos electrónicos.

**B2.10.** Invención e construción dun instrumento.

**B2.11.** Exploración da morfoloxía de diferentes instrumentos musicais amosando interese polo seu coidado.

**BLOQUE 3.** A MÚSICA, O MOVEMENTO E A DANZA

**B3.1.** Recoñecemento do corpo como instrumento rítmico e de expresión corporal.

**B3.2.** Creación de pequenas coreografías para obras musicais breves e de estrutura sinxela.

**B3.3.** Reprodución de xogos motores e secuencias de movementos fixados ou inventados,

procurando unha progresiva coordinación individual e colectiva.

**B3.4.** Interpretación de danzas tradicionais galegas e doutras culturas.

**B3.5.** Proxecto: certame de danza.

**CURSO 6º**

**BLOQUE 1.** A ESCOITA

B1.1. Audición de música contemporánea, e investigación e valoración das posibilidades do son.

**B1.2.** Identificación e apreciación das calidades dos sons do contexto.

**B1.3.** Identificación e apreciación de formas musicais sinxelas.

**B1.4.** Identificación a través da escoita de tipos de voces (soprano, contralto, tenor e baixo), instrumentos, variacións e contrastes de velocidade.

**B1.5.** Valoración e interese pola música de diferentes épocas e culturas, nomeadamente a galega.

**B1.6.** Audición activa e comentada de música variada da nosa cultura e doutras culturas.

**B1.7.** Actitude atenta, silenciosa e respectuosa durante a audición de música e/ou na asistencia a representacións musicais.

**B1.8.** Indagación sobre as normas que regulan a propiedade intelectual. Valoración e presentación dos resultados.

**BLOQUE 2.** INTERPRETACIÓN MUSICAL

**B2.1.** Exploración das posibilidades sonoras e expresivas da voz.

**B2.2.** Interpretación de pezas con instrumentos de aula e/ou frauta doce.

**B2.3.** Interpretación, memorización e improvisación guiada de cancións a unha ou varias voces, desenvolvendo progresivamente a dicción, a afinación e a técnica vocal. Canon.

**B2.4.** Recoñecemento de tipos de instrumentos acústicos e electrónicos, agrupacións instrumentais e vocais, e rexistros da voz.

**B2.5.** Utilización das grafías convencionais na lectura, na escritura e na interpretación de cancións e de pezas instrumentais sinxelas.

**B2.6.** Gravación e rexistro das interpretacións para unha valoración e unha análise posteriores.

**B2.7.** Interese pola mellora do proceso de interpretación e do resultado final.

**B2.8.** Traballo cooperativo, asumindo as responsabilidades que lle correspondan e respectando as achegas das demais persoas do grupo.

**B2.9.** Creación de mensaxes musicais con contido expresivo, combinando elementos sonoros e corporais diversos.

**B2.10.** Utilización dos medios de comunicación e de internet para a procura de información, en soporte impreso e dixital, sobre instrumentos, compositores/as, intérpretes e eventos musicais de interese.

**B2.11.** Exploración das posibilidades sonoras e expresivas dos medios audiovisuais e tecnolóxicos para comunicar. Creación de cuñas radiofónicas e videoanuncios.

**B2.12.** Utilización dos medios audiovisuais e dos recursos informáticos para a sonorización de imaxes, contos, poemas e refráns, dobraxe de películas etc., e para a creación de producións propias.

**BLOQUE 3.** A MÚSICA, O MOVEMENTO E A DANZA

**B3.1.** Identificación do corpo como instrumento. Indagación e valoración sobre as posibilidades expresivas e comunicativas do corpo en distintas representacións artísticas ou situacións cotiás.

**B3.2.** Valoración e recoñecemento das danzas e a súa contribución ao noso patrimonio artístico e cultural.

**B3.3.** Interpretación de danzas coidando a coordinación individual e colectiva.

**B3.4.** Invención de coreografías sinxelas para cancións e pezas musicais de diferentes estilos.

**B3.5.** Gravación e rexistro das danzas interpretadas. Análise de valoración do produto.

Distribúense os mesmos en unidades didácticas de 1, 2 ou 3 sesións ao longo de tres trimestres, cuxa temporalización, que é flexible segundo as necesidades que podan xurdir ao longo do curso, fíxase segundo á *Orde do 28 de maio de 2018 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2018/19 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia:.*

| TRIMESTRE | UNIDADES DIDÁCTICAS | SESIÓNS |
|---|---|---|
| PRIMEIRO | UNIDADE 1 | 3 |
| | UNIDADE 2 | 3 |
| | UNIDADE 3 | 3 |
| | UNIDADE 4 | 3 |
| | UNIDADE 5 | 3 |
| SEGUNDO | UNIDADE 6 | 3 |
| | UNIDADE 7 | 3 |
| | UNIDADE 8 | 2 |
| | UNIDADE 9 | 3 |
| | UNIDADE 10 | 2 |
| TERCEIRO | UNIDADE 11 | 2 |
| | UNIDADE 12 | 2 |
| | UNIDADE 13 | 2 |
| | UNIDADE 14 | 2 |
| | UNIDADE 15 | 1 |

5. Criterios de avaliación

O *Decreto 105/2014, do 4 de setembro*, especifica que os referentes para a valoración do grao de adquisición das competencias e o logro dos obxectivos da etapa serán os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe avaliables. Os **Criterios de Avaliación (CA)** son o referente específico para avaliar a aprendizaxe do alumnado. Describen aquilo que se quere valorar e que o alumnado debe lograr, tanto en coñecementos coma en competencias (recollidos na táboa do punto 6 desta programación).

A avaliación na Educación Primaria queda regulada pola *Orde do 9 de xuño de 2016, pola que se regula a avaliación e a promoción do alumnado que cursa educación primaria na CA* de Galicia.

Lévase a cabo ao longo de todo o proceso polo que é **continua**, así como **integradora** e **global** (pois contempla a existencia de diferentes grupos e situacións e a flexibilidade na aplicación dos criterios que se seleccionan). Dependendo do **momento** falamos dunha

**avaliación inicial (**especialmente nas dúas primeiras sesións en todos os cursos, permitindo valorar os coñecementos previos dos alumnos/as para poder conectalos coas novas aprendizaxes), **avaliación procesual** ( ao longo do proceso de ensino-aprendizaxe, permite coñecer o progreso en relación aos obxectivos propostos, e as dificultades); e **avaliación final** (balance dos resultados obtidos na avaliación procesual, constatamos o nivel acadadodo por cada alumno/a e a eficacia do proceso educativo.

6. Estándares de aprendizaxe avaliables.

Os **Estándares de Aprendizaxe (EEAA)** avaliables son as especificacións dos criterios de avaliación que permiten definir os resultados de aprendizaxe e que concretan o que o alumnado debe saber, comprender e saber facer en cada disciplina. Deben ser observables, medibles e avaliables, e permitir graduar o rendemento ou logro alcanzado.

A continuación figuran os EEAA para cada un dos seis cursos da etapa Primaria, así como a súa relación cos criterios de avaliación, os contidos, as competencias clave e os obxectivos xerais de etapa aos cales contribúen.

| ÁREA | EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN MUSICAL) | | CURSO | PRIMEIRO |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| BLOQUE 1. ESCOITA | | | | |
| j<br>b | B1.1. Calidades do son: timbre, duración, altura e intensidade.<br>B1.2. Identificación de trazos distintivos de sons do contexto natural e social.<br>B1.3. Representación corporal e gráfica de sons de diferentes características.<br>B1.4. Utilización de xogos e aplicacións informáticas educativas sinxelas para a discriminación auditiva. Curiosidade por descubrir os sons do contexto e as súas características.<br>B1.5. Audición de pezas vocais e identificación de voces femininas e masculinas.<br>B1.6. Recoñecemento visual e auditivo, e denominación dalgúns instrumentos musicais da aula e da música escoitada e interpretada no contexto do alumnado. | B1.1. Explorar, escoitar e describir calidades e características de materiais, obxectos, sons e instrumentos presentes no contexto natural. | **EMB1.1.1. Manipula e explora as calidades sonoras do corpo, dos instrumentos, dos obxectos, dos animais e da voz.** | CECC<br>CAA |
| | | | **EMB1.1.2. Representa graficamente ou corporalmente estas calidades: son curto, longo, ascendente e descendente, forte, piano, agudo e grave.** | CCEC |
| | | | **EMB1.1.3. Recoñece e discrimina os sons do seu contexto.** | CCEC |
| | | | **EMB1.1.4. Utiliza aplicacións informáticas e xogos para a discriminación auditiva destas calidades.** | CCEC<br>CD |
| | | | **EMB1.1.5. Identifica voces masculinas e femininas.** | CCEC |
| j<br>a | B1.7. Audición de pezas vocais e instrumentais. | B1.2. Manter unha actitude de respecto e de escoita activa. | **EMB1.2.1. Respecta os tempos de silencio para o bo estudo dos sons e a escoita das audicións.** | CSC<br>CCEC |
| | | | **EMB1.2.2. Respecta as opinións** | CSC |

| ÁREA | EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN MUSICAL) | | CURSO | PRIMEIRO |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | **dos seus compañeiros e das súas compañeiras, así como do profesorado.** | CCEC |
| j | B1.8. Audición activa e recoñecemento dunha selección de pezas musicais breves.<br>B1.9. Identificación das principais profesións relacionados coa música e da actividade que se desenvolve nelas (dirección, instrumentista e público). | B1.3. Coñecer obras curtas de distintos estilos e de diferente autoría. | **EMB1.3.1. Coñece algunhas persoas compositoras e relaciónaas coas súas obras.** | CCEC |
| | | | **EMB1.3.2. Coñece as figuras do/da director/ora de orquestra, instrumentista e público.** | CCEC |
| j<br>e | B1.10. Comunicación oral das impresións que causa a música escoitada. | B1.4. Comunicar utilizando un vocabulario adecuado ás sensacións e ás impresións sentidas na audición. | **EMB1.4.1. Representa mediante diferentes técnicas os aspectos básicos dunha audición e os sentimentos que suscitou.** | CCL<br>CCEC |
| | | | **EMB1.4.2. Emprega vocabulario básico musical adaptado ao seu nivel.** | CCL<br>CCEC |
| j<br>e | B1.11. Elementos da música: tempo e dinámica.<br>B1.12. Distinción e representación corporal ou gráfica dalgúns elementos da música escoitada.<br>B1.13. Forma musical: repetición e contraste. Identificación da repetición (AA) e o contraste (AB) en | B1.5. Identificar e expresar a través de diferentes linguaxes algúns dos elementos dunha obra musical (timbre, velocidade, intensidade e carácter). | **EMB1.5.1. Coñece, identifica e representa elementos básicos da linguaxe musical: pulsación, longo, curto, rápido, lento, forte, piano, son, silencio, agudo, grave, pentagrama (liñas e espazos), clave de sol, branca e negra.** | CCEC<br>CAA |
| | | | **EMB1.5.2. Utiliza notación non convencional para representar elementos do son.** | CCEC |
| | | | **EMB1.5.3. Utiliza aplicacións informáticas sinxelas para realizar actividades musicais.** | CD<br>CCEC |

| ÁREA | EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN MUSICAL) | | CURSO | PRIMEIRO |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | cancións e obras musicais. | | | |
| BLOQUE 2. INTERPRETACIÓN MUSICAL | | | | |
| j<br>b | B2.1. Exploración das posibilidades sonoras da voz, o corpo e os obxectos.<br>B2.2. Construción de instrumentos musicais sinxelos con obxectos de uso cotián. | B2.1. Coñecer e utilizar as posibilidades sonoras e musicais do corpo e doutros obxectos, manipulando materiais como fonte de son. | **EMB2.1.1. Repite esquemas rítmicos escoitados.** | CCEC<br>CMCCT<br>CAA |
| | | | **EMB2.1.2. Elabora pequenos instrumentos con materiais de reciclaxe.** | CSC<br>CAA |
| j<br>b | B2.3. Práctica de xogos de relaxación, respiración, dicción e coordinación.<br>B2.4. Interpretación e memorización de ladaíñas e cancións ao unísono. | B2.2. Exercitar as vocalizacións e as pronuncias interpretando un pequeno repertorio de cancións sinxelas e practicando a improvisación. | **EMB2.2.1. Interpreta individualmente ou en grupo un pequeno repertorio de cancións sinxelas.** | CCEC<br>CSC |
| | | | **EMB2.2.2. Realiza pequenas improvisacións melódicas sobre algunha base dada.** | CCEC<br>CAA |
| | | | **EMB2.2.3. Fai de xeito consciente o proceso da respiración.** | CAA |
| | | | **EMB2.2.4. Le e interpreta con ritmo ladaíñas e cancións ao unísono.** | CCEC<br>CCL<br>CMCCT |
| j<br>b | B2.5. Imitación de fórmulas rítmicas e melódicas.<br>B2.6. Lectura e interpretación de partituras breves e sinxelas con grafías non convencionais, e de esquemas rítmicos e | B2.3. Reproducir, crear e representar esquemas rítmicos e melódicos coa voz, o corpo, os instrumentos e patróns de movemento. | **EMB2.3.1. Acompaña cancións, danzas e textos con fórmulas rítmicas básicas.** | CCEC<br>CMCCT |
| | | | **EMB2.3.2. Xoga a pregunta-resposta con motivos melódicos e rítmicos.** | CAA<br>CCEC<br>CMCCT |
| | | | **EMB2.3.3. Crea pequenos esquemas rítmicos con brancas, negras e silencio de negra.** | CCEC<br>CAA<br>CMCCT |

| ÁREA | EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN MUSICAL) | | CURSO | PRIMEIRO |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | melódicos elementais con notación tradicional.<br>B2.7. Iniciación á notación musical e ás grafías non convencionais como medio de representación da música: pentagrama, clave de sol, colocación das notas no pentagrama, figuras brancas, negras e silencio de negra.<br>B2.8. Utilización da percusión corporal e dos instrumentos de pequena percusión como recursos para o acompañamento de textos, cancións e danzas.<br>B2.9. Selección e combinación de obstinatos rítmicos e efectos sonoros para o acompañamento de recitacións, cancións e pezas instrumentais.<br>B2.10. Selección de sons vocais, obxectos e instrumentos para a sonorización de situacións, relatos breves e imaxes. | | **EMB2.3.4. Elixe e combina ostinatos rítmicos sinxelos e efectos sonoros para o acompañamento de recitacións, cancións e pezas instrumentais, con identificación da súa grafía.** | CCEC<br>CAA |
| | | | **EMB2.3.5. Elixe e combina sons vocais, obxectos e instrumentos para a sonorización de situacións, relatos breves e imaxes, con identificación da súa grafía.** | CCEC<br>CAA |
| BLOQUE 3. A MÚSICA O MOVEMENTO E A DANZA | | | | |
| j<br>b<br>a | B3.1. Práctica de técnicas básicas do movemento: | B3.1. Realizar pequenas coreografías. | **EMB3.1.1. Realiza pequenas coreografías en grupo, adecuando o movemento corporal coa música.** | CCEC<br>CSC |

| ÁREA | EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN MUSICAL) | | CURSO | PRIMEIRO |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | mobilización funcional, movementos fundamentais de locomoción e deseños no espazo. | | **EMB3.1.2. Interactúa adecuadamente cos compañeiros e coas compañeiras, amosando interese e respectando as normas e as intervencións das demais persoas.** | CCEC<br>CSC |
| j | B3.2. Práctica de xogos motores acompañados de secuencias sonoras, cancións e pezas musicais, e interpretación de danzas sinxelas.<br>B3.3. Improvisación de movementos en resposta a diferentes estímulos sonoros. | B3.2. Coñecer e valorar as posibilidades sonoras, de movemento e expresivas do corpo. | **EMB3.2.1. Responde co seu corpo a estímulos sonoros.** | CCEC |
| | | | **EMB3.2.2. Coordinar extremidades superiores e inferiores nos desprazamentos coa música.** | CCEC |
| | | | **EMB3.2.3. Identifica e utiliza o corpo como instrumento para a expresión de sentimentos e emocións.** | CCEC |

| ÁREA | EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN MUSICAL) | | CURSO | SEGUNDO |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | CC.CC. |
| BLOQUE 1. ESCOITA | | | | |
| j<br>b | B1.1. As calidades do son: timbre, duración, altura e intensidade.<br>B1.2. Identificación de trazos distintivos de sons do contexto natural e social.<br>B1.3. Representación corporal e gráfica de sons de diferentes características. | B1.1. Explorar, escoitar e describir calidades e características de materiais, obxectos, sons e instrumentos presentes no contexto natural. | **EMB1.1.1. Manipula e explora as calidades sonoras do corpo, dos instrumentos, dos obxectos, dos animais e da voz.** | CCEC<br>CAA |
| | | | **EMB1.1.2. Representa graficamente ou corporalmente estas calidades: son curto, longo, ascendente e descendente, forte, piano, agudo e grave.** | CCEC |

| ÁREA | EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN MUSICAL) | | CURSO | SEGUNDO |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | CC.CC. |
| | B1.4. Utilización de xogos e aplicacións informáticas educativas sinxelas para a discriminación auditiva.<br>Curiosidade por descubrir os sons do contexto e as súas características.<br>B1.5. Audición de pezas vocais e identificación de voces femininas, masculinas e infantís.<br>B1.6. Recoñecemento visual e auditivo, e denominación dalgúns instrumentos musicais da aula e da música escoitada e interpretada no contexto do alumnado. | | **EMB1.1.3. Recoñece e discrimina os sons do seu contexto.** | CCEC |
| | | | **EMB1.1.4. Utiliza aplicacións informáticas e xogos para a discriminación auditiva das calidades traballadas.** | CCEC<br>CD |
| | | | **EMB1.1.5. Identifica voces masculinas, femininas e infantís.** | CCEC |
| j<br>b | B1.7. Audición de pezas vocais e instrumentais. | B1.2. Manter unha actitude de respecto e de escoita activa. | **EMB1.2.1. Respecta os tempos de silencio para o bo estudo dos sons e a escoita das audicións.** | CSC |
| j<br>d<br>o | B1.8. Audición activa e recoñecemento dunha selección de pezas musicais breves, de culturas e de estilos diferentes.<br>B1.9. Audición activa dalgunha peza do repertorio tradicional | B1.3. Coñecer obras curtas de distintos estilos e de diferente autoría. | **EMB1.3.1. Coñece algunhas persoas compositoras e relaciónaas coas súas obras.** | CCEC<br>CAA |
| | | | **EMB1.3.2. Coñece as figuras de compositor/ora, director/ora de orquestra, instrumentista e público, así como as súas funcións, respectando e valorando os** | CSC<br>CCEC<br>CAA |

| ÁREA | EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN MUSICAL) | | CURSO | SEGUNDO |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | CC.CC. |
| | galego.<br>B1.10. Identificación das principais profesións relacionados coa música e da actividade que desenvolven (composición, dirección, instrumentista e público). | | **seus respectivos traballos.** | |
| j<br>e | B1.11. Comunicación oral das impresións que causa a música escoitada.<br>B1.12. Normas básicas de comportamento en concertos e outras representacións musicais. | B1.4. Comunicar as sensacións e as impresións sentidas na audición, utilizando un vocabulario adecuado. | **EMB1.4.1. Representa mediante diferentes técnicas os aspectos básicos dunha audición e os sentimentos que suscitou.** | CCL<br>CCEC |
| | | | **EMB1.4.2. Emprega vocabulario básico musical adaptado ao seu nivel.** | CCL<br>CCEC |
| | | | **EMB1.4.3. Coñece e respecta as normas de comportamento básicas en concertos e outras representacións musicais.** | CSC |
| j | B1.13. Elementos da música: tempo (adagio, andante e allegro), dinámica e carácter.<br>B1.14. Distinción e representación corporal ou gráfica dalgúns elementos da música escoitada.<br>B1.15. Forma musical: repetición e contraste.<br>B1.16. Identificación | B1.5. Identificar e expresar a través de diferentes linguaxes algúns dos elementos dunha obra musical (timbre, velocidade, intensidade ou carácter). | **EMB1.5.1. Coñece, identifica e representa elementos básicos da linguaxe musical: pulsación, longo, curto, rápido, lento, forte, piano, son, silencio, agudo, grave, pentagrama (liñas e espazos), clave de sol, branca, negra e parella de corcheas.** | CCEC<br>CAA |
| | | | **EMB1.5.2. Utiliza notación non convencional para representar elementos do** | CCEC |

| ÁREA | EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN MUSICAL) | | CURSO | SEGUNDO |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | CC.CC. |
| | da repetición (AA) e o contraste (AB) en cancións e obras musicais.<br>B1.17. Pulso e acento. Compás binario. | | **son.** | |
| | | | **EMB1.5.3. Utiliza aplicacións informáticas sinxelas para realizar actividades musicais.** | CD<br>CCEC |
| j | B1.18. As familias de instrumentos: vento, corda e percusión. | B1.6. Recoñecer e clasificar algún instrumento por familias instrumentais. | **EMB1.6.1. Recoñece e identifica algúns instrumentos, e clasifícaos por familias.** | CCEC |
| BLOQUE 2. INTERPRETACIÓN MUSICAL | | | | |
| j | B2.1. Exploración das posibilidades sonoras da voz, o corpo e os obxectos.<br>B2.2. Construción de instrumentos musicais sinxelos con obxectos de uso cotián. | B2.1. Coñecer e utilizar as posibilidades sonoras e musicais do corpo e doutros obxectos, manipulando distintos materiais como fonte de son. | **EMB2.1.1. Repite esquemas rítmicos escoitados.** | CMCCT<br>CCEC |
| | | | **EMB2.1.2. Crea pequenos instrumentos con materiais de reciclaxe.** | CSC<br>CAA |
| j | B2.3. Iniciación á frauta doce. O xilófono e o metalófono. | B2.2. Coñecer e manexar a frauta doce e algún instrumento de aula. | **EMB2.2.1. Consegue tocar algún fragmento melódico ou rítmico, ou acompañamento sinxelo, coa frauta e dos instrumentos da aula.** | CCEC<br>CAA |
| j<br>k | B2.4. Práctica de xogos de relaxación, respiración, dicción e coordinación.<br>B2.5. Imitación de fórmulas melódicas.<br>B2.6. Interpretación e memorización de ladaíñas e cancións ao unísono. | B2.3. Exercitar as vocalizacións e as pronuncias interpretando un pequeno repertorio de cancións sinxelas e practicando a improvisación. | **EMB2.3.1. Interpreta individualmente ou en grupo un pequeno repertorio de cancións sinxelas.** | CCEC<br>CSC |
| | | | **EMB2.3.2. Realiza pequenas improvisacións melódicas sobre algunha base dada.** | CCEC<br>CAA |
| | | | **EMB2.3.3. Fai de xeito consciente o proceso da respiración.** | CAA |

| ÁREA | EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN MUSICAL) | | CURSO | SEGUNDO |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | CC.CC. |
| | | | **EM2.3.4. Le e interpreta con ritmo ladaíñas e cancións ao unísono.** | CCEC<br>CAA<br>CMCCT |
partituras de frauta e repasar diariamente a materia como traballo persoal debendo facelo un mínimo de 5 minutos cada día. Deberá manterse ordenada e presentada con limpeza, xa que se terá en conta para a cualificación trimestral. Na aula haberá sempre papel pautado a disposición do alumnado, así como fichas de reforzo e de ampliación para aqueles alumnos/as que as precisen. As partituras serán aportadas pola mestra, así como os materiais requeridos para as actividades. Os alumnos/as deberán ter sempre material de escrita (lapis, goma, bolígrafo e lapis de cores), frauta doce Höhner dunha soa peza a partir de 2º de E.P (coa súa funda e etiquetada co nome de cada un). No caso de non traer algún dos materiais dúas sesión consecutivas, anotaráselle una falta de material e avisarase da mesma a través dunha nota da mestra na axenda persoal do alumno/a como aviso da incidencia, e que deberá ser asinada pola nai, pai, ou titora/ legal do neno/a para entregar á mestra na sesión seguinte de clase de Música.

9. Procedementos e instrumentos de avaliación.

Os procedementos de avaliación a empregar serán a observación sistemática, actividades finais de avaliación, autoavaliación e coavaliación do alumando, revisión do portfolio e rexistros anecdotarios. Como instrumentos de avaliación empregarei segundo o caso, a rúbrica, escala de estimación ou lista de cotexo.

10. Criterios de cualificación.

A cualificación final de cada trimestre será o resultado da suma das porcentaxes asignadas a cada un dos EEAA avaliados en cada un dos tres trimestres, sendo requisito indispensable para a superación da materia que cada alumna/o acade o grao mínimo de consecución dos mesmos, especificados no punto 11 seguinte.

A **nota** figura no XADE como un número enteiro; se a puntuación é decimal, tenderá a superior a partir de 0.5, e correspondendo coa nomenclatura: insuficiente (1-4), suficiente (5), ben (6), notable (7-8) e sobresaínte (9-10). Para a **nota final** terase en conta a da terceira avaliación. A avaliación continua permitirá, ante posibles dificultades, o deseño de actividades de reforzo ou recuperación.

Finalmente, a nota numérica resultante fará media coa nota de Plástica, figurando no XADE como cualificación global da Área de Educación Artística.

11. Mínimo dos estándares para a avaliación positiva.

Asimesmo establezo un grao mínimo de consecución para cada un dos EEAA en cada nivel:

| CURSO | PRIMEIRO |
|---|---|
| Estándares de aprendizaxe | **Mínimos esixible** |
| EMB1.1.1. Manipula e explora as calidades sonoras do corpo, dos instrumentos, dos obxectos, dos animais e da voz. | Manipula e explora as calidades sonoras do corpo, dos instrumentos, dos obxectos, dos animais e da voz. |
| EMB1.1.2. Representa graficamente ou corporalmente estas calidades: son curto, longo, ascendente e descendente, forte, piano, agudo e grave. | Representa gráfica ou corporalmente dúas calidades do son. |
| EMB1.1.3. Recoñece e discrimina os sons do seu contexto. | Recoñece os sons do seu contexto. |
| EMB1.1.4. Utiliza aplicacións informáticas e xogos para a discriminación auditiva destas calidades. | Utiliza aplicacións informáticas ou xogos para a discriminación auditiva destas calidades. |
| EMB1.1.5. Identifica voces masculinas e femininas. | Identifica ás veces voces masculinas e femininas. |
| EMB1.2.1. Respecta os tempos de silencio para o bo estudo dos sons e a escoita das audicións. | Respecta os tempos de silencio para o bo estudo dos sons e a escoita das audicións. |
| EMB1.2.2. Respecta as opinións dos seus compañeiros e das súas compañeiras, así como do profesorado. | Respecta as opinións dos seus compañeiros e das súas compañeiras, así como do profesorado. |
| EMB1.3.1. Coñece algunhas persoas compositoras e relaciónaas coas súas obras. | Coñece algunha persoa compositora e relaciónaa con alomenos unha das súas obras. |

| CURSO | PRIMEIRO |
|---|---|
| Estándares de aprendizaxe | **Mínimos esixible** |
| EMB1.3.2. Coñece as figuras do/da director/ora de orquestra, instrumentista e público. | Coñece as figuras do/da director/ora de orquestra, instrumentista e público. |
| EMB1.4.1. Representa mediante diferentes técnicas os aspectos básicos dunha audición e os sentimentos que suscitou. | Representa os sentimentos que suscitou unha audición musical. |
| EMB1.4.2. Emprega vocabulario básico musical adaptado ao seu nivel. | Emprega vocabulario básico musical adaptado ao seu nivel. |
| EMB1.5.1. Coñece, identifica e representa elementos básicos da linguaxe musical: pulsación, longo, curto, rápido, lento, forte, piano, son, silencio, agudo, grave, pentagrama (liñas e espazos), clave de sol, branca e negra. | Coñece, identifica e representa polo menos a metade dos elementos básicos da linguaxe musical: pulsación, longo, curto, rápido, lento, forte, piano, son, silencio, agudo, grave, pentagrama (liñas e espazos), clave de sol, branca e negra. |
| EMB1.5.2. Utiliza notación non convencional para representar elementos do son. | Utiliza notación non convencional para representar algúns elementos do son. |
| EMB1.5.3. Utiliza aplicacións informáticas sinxelas para realizar actividades musicais. | Utiliza con axuda aplicacións informáticas sinxelas para realizar actividades musicais. |
| EMB2.1.1. Repite esquemas rítmicos escoitados. | Repite esquemas rítmicos escoitados. |
| EMB2.1.2. Elabora pequenos instrumentos con materiais de reciclaxe. | Elabora con axuda pequenos instrumentos con materiais de reciclaxe. |
| EMB2.2.1. Interpreta individualmente ou en grupo un pequeno repertorio de cancións sinxelas. | Interpreta individualmente ou en grupo un pequeno repertorio de cancións sinxelas. |

| CURSO | PRIMEIRO |
|---|---|
| Estándares de aprendizaxe | **Mínimos esixible** |
| EMB2.2.2. Realiza pequenas improvisacións melódicas sobre algunha base dada. | Realiza con axuda pequenas improvisacións melódicas sobre algunha base dada. |
| EMB2.2.3. Fai de xeito consciente o proceso da respiración. | Intenta facer de xeito consciente o proceso da respiración. |
| EMB2.2.4. Le e interpreta con ritmo ladaíñas e cancións ao unísono. | Interpreta con ritmo ladaíñas e cancións ao unísono. |
| EMB2.3.1. Acompaña cancións, danzas e textos con fórmulas rítmicas básicas. | Acompaña cancións, danzas ou textos con fórmulas rítmicas básicas. |
| EMB2.3.2. Xoga a pregunta-resposta con motivos melódicos e rítmicos. | Xoga a pregunta-resposta con motivos melódicos e rítmicos. |
| EMB2.3.3. Crea pequenos esquemas rítmicos con brancas, negras e silencio de negra. | Crea pequenos esquemas rítmicos con brancas, negras e silencio de negra. |
| EMB2.3.4. Elixe e combina ostinatos rítmicos sinxelos e efectos sonoros para o acompañamento de recitacións, cancións e pezas instrumentais, con identificación da súa grafía. | Elixe ostinatos rítmicos sinxelos e efectos sonoros para o acompañamento de recitacións, cancións e pezas instrumentais, con identificación da súa grafía. |
| EMB2.3.5. Elixe e combina sons vocais, obxectos e instrumentos para a sonorización de situacións, relatos breves e imaxes, con identificación da súa grafía. | Elixe sons vocais, obxectos e instrumentos para a sonorización de situacións, relatos breves e imaxes, con identificación da súa grafía. |
| EMB3.1.1. Realiza pequenas coreografías en grupo, adecuando o movemento corporal coa música. | Realiza pequenas coreografías en grupo costándolle adecuar o movemento corporal coa música. |
| EMB3.1.2. Interactúa adecuadamente cos compañeiros e coas compañeiras, | Interactúa adecuadamente cos compañeiros e coas compañeiras, amosando interese e |

| CURSO | PRIMEIRO |
|---|---|
| Estándares de aprendizaxe | **Mínimos esixible** |
| amosando interese e respectando as normas e as intervencións das demais persoas. | respectando as normas e as intervencións das demais persoas. |
| EMB3.2.1. Responde co seu corpo a estímulos sonoros. | Responde co seu corpo a estímulos sonoros. |
| EMB3.2.2. Coordina extremidades superiores e inferiores nos desprazamentos coa música. | Coordina extremidades superiores e inferiores intentando coordinalas nos desprazamentos coa música. |
| EMB3.2.3. Identifica e utiliza o corpo como instrumento para a expresión de sentimentos e emocións. | Utiliza o corpo como instrumento para a expresión de sentimentos e emocións. |

| CURSO | SEGUNDO |
|---|---|
| EMB1.1.1. Manipula e explora as calidades sonoras do corpo, dos instrumentos, dos obxectos, dos animais e da voz. | Manipula e explora as calidades sonoras do corpo, dos instrumentos, dos obxectos, dos animais e da voz. |
| EMB1.1.2. Representa graficamente ou corporalmente estas calidades: son curto, longo, ascendente e descendente, forte, piano, agudo e grave. | Representa graficamente ou corporalmente estas calidades: son curto, longo, ascendente e descendente, forte, piano, agudo e grave. |
| EMB1.1.3. Recoñece e discrimina os sons do seu contexto. | Recoñece e discrimina os sons do seu contexto. |
| EMB1.1.4. Utiliza aplicacións informáticas e xogos para a discriminación auditiva das calidades | Utiliza aplicacións informáticas ou xogos para a discriminación auditiva das calidades traballadas. |

| CURSO | SEGUNDO |
|---|---|
| traballadas. | |
| EMB1.1.5. Identifica voces masculinas, femininas e infantís. | Identifica ás veces voces masculinas, femininas e infantís. |
| EMB1.2.1. Respecta os tempos de silencio para o bo estudo dos sons e a escoita das audicións. | Respecta os tempos de silencio para o bo estudo dos sons e a escoita das audicións. |
| EMB1.3.1. Coñece algunhas persoas compositoras e relaciónaas coas súas obras. | Coñece algunhas persoas compositoras e relaciónaas con alomenos unha das súas obras. |
| EMB1.3.2. Coñece as figuras de compositor/ora, director/ora de orquestra, instrumentista e público, así como as súas funcións, respectando e valorando os seus respectivos traballos. | Coñece as figuras de compositor/ora, director/ora de orquestra, instrumentista e público, así como as súas funcións, respectando e valorando os seus respectivos traballos. |
| EMB1.4.1. Representa mediante diferentes técnicas os aspectos básicos dunha audición e os sentimentos que suscitou. | Representa os sentimentos que lle suscita unha audición musical. |
| EMB1.4.2. Emprega vocabulario básico musical adaptado ao seu nivel. | Emprega vocabulario básico musical adaptado ao seu nivel. |
| EMB1.4.3. Coñece e respecta as normas de comportamento básicas en concertos e outras representacións musicais. | Coñece e respecta as normas de comportamento básicas en concertos e outras representacións musicais. |
| EMB1.5.1. Coñece, identifica e representa elementos básicos da linguaxe musical: pulsación, longo, curto, rápido, lento, forte, piano, son, silencio, agudo, grave, pentagrama (liñas e espazos), clave de sol, branca, | Coñece, identifica e representa elementos básicos da linguaxe musical: pulsación, longo, curto, rápido, lento, forte, piano, son, silencio, agudo, grave, pentagrama (liñas e espazos), clave de sol, branca, negra e parella de corcheas. |

| CURSO | SEGUNDO |
|---|---|
| negra e parella de corcheas. | |
| EMB1.5.2. Utiliza notación non convencional para representar elementos do son. | Utiliza notación non convencional para representar algúns elementos do son. |
| EMB1.5.3. Utiliza aplicacións informáticas sinxelas para realizar actividades musicais. | Utiliza algunha aplicación informática sinxelas para realizar actividades musicais. |
| EMB1.6.1. Recoñece e identifica algúns instrumentos, e clasifícaos por familias. | Recoñece e identifica algúns instrumentos. |
| EMB2.1.1. Repite esquemas rítmicos escoitados. | Repite esquemas rítmicos escoitados. |
| EMB2.1.2. Crea pequenos instrumentos con materiais de reciclaxe. | Crea con axuda pequenos instrumentos con materiais de reciclaxe. |
| EMB2.2.1. Consegue tocar algún fragmento melódico ou rítmico, ou acompañamento sinxelo, coa frauta e dos instrumentos da aula. | Consegue tocar algún fragmento melódico ou rítmico, ou acompañamento sinxelo, coa frauta ou cos instrumentos da aula. |
| EMB2.3.1. Interpreta individualmente ou en grupo un pequeno repertorio de cancións sinxelas. | Interpreta individualmente ou en grupo un pequeno repertorio de cancións sinxelas. |
| EMB2.3.2. Realiza pequenas improvisacións melódicas sobre algunha base dada. | Realiza con axuda pequenas improvisacións melódicas sobre algunha base dada. |
| EMB2.3.3. Fai de xeito consciente o proceso da respiración. | Intenta facer de xeito consciente o proceso da respiración. |
| EM2.3.4. Le e interpreta con ritmo ladaíñas e cancións ao unísono. | Interpreta con ritmo ladaíñas e cancións ao unísono. |
| EMB2.4.1. Acompaña cancións, danzas | Acompaña algunhas cancións, danzas e textos con |

| CURSO | SEGUNDO |
|---|---|
| e textos con fórmulas rítmicas básicas. | fórmulas rítmicas básicas. |
| EMB2.4.2. Identifica a pregunta-resposta con motivos melódicos e rítmicos. | Identifica a pregunta-resposta con motivos melódicos e rítmicos. |
| EMB2.4.3. Le e crea pequenos esquemas rítmico-melódicos con brancas, negras e silencio de negra, engadindo a clave de sol. | Le pequenos esquemas rítmico-melódicos con brancas, negras e silencio de negra, engadindo a clave de sol. |
| EMB2.4.4. Elixe e combina ostinatos rítmicos e efectos sonoros para o acompañamento de recitacións, cancións e pezas instrumentais, con identificación da súa grafía. | Elixe ostinatos rítmicos e efectos sonoros para o acompañamento de recitacións, cancións e pezas instrumentais, con identificación da súa grafía. |
| EMB2.4.5. Elixe e combina sons vocais, obxectos e instrumentos para a sonorización de situacións, relatos breves e imaxes, con identificación da súa grafía. | Elixe sons vocais, obxectos e instrumentos para a sonorización de situacións, relatos breves e imaxes, con identificación da súa grafía. |
| EMB3.1.1. Realiza pequenas coreografías en grupo, adecuando o movemento corporal coa música. | Realiza pequenas coreografías en grupo, adecuando o movemento corporal coa música. |
| EMB3.1.2. Interactúa adecuadamente cos compañeiros e coas compañeiras, amosando interese e respectando as normas e as intervencións das demais persoas. | Interactúa adecuadamente cos compañeiros e coas compañeiras, amosando interese e respectando as normas e as intervencións das demais persoas. |
| EMB3.2.1. Responde co seu corpo a estímulos sonoros. | Responde co seu corpo a estímulos sonoros. |
| EMB3.2.2. Coordina extremidades | Coordina extremidades superiores e inferiores |

| CURSO | SEGUNDO |
| --- | --- |
| superiores e inferiores nos desprazamentos coa música. | intentando facelo nos desprazamentos coa música. |
| EMB3.2.3. Identifica e utiliza o corpo como instrumento para a expresión de sentimentos e emocións. | Identifica e utiliza o corpo como instrumento para a expresión de sentimentos e emocións. |

| CURSO | TERCEIRO |
| --- | --- |
| Estándares de aprendizaxe | **Mínimos esixibles** |
| EMB1.1.1. Expresa as súas apreciacións persoais sobre o feito artístico musical. | Expresa as súas apreciacións persoais sobre o feito artístico musical. |
| EMB1.1.2. Manifesta as sensacións, as impresións e os sentimentos que lle provoca a audición dunha peza musical. | Manifesta as sensacións, as impresións e os sentimentos que lle provoca a audición dunha peza musical. |
| EMB1.1.3. Coñece, entende e cumpre as normas de comportamento en audicións e representacións musicais. | Coñece, entende e cumpre as normas de comportamento en audicións e representacións musicais. |
| EMB1.1.4. Identifica manifestacións artísticas propias de Galicia. | Identifica manifestacións artísticas propias de Galicia. |
| EMB1.2.1. Describe e dá información salientable sobre elementos da linguaxe musical presentes nas manifestacións musicais e nos sons do contexto. | Describe algún elemento da linguaxe musical presente nas manifestacións musicais e nos sons do contexto. |
| EMB1.3.1. Distingue tipos de voces e instrumentos, e agrupacións instrumentais ou vocais. | Distingue algúns tipos de voces e instrumentos, e agrupacións instrumentais ou vocais. |
| EMB1.3.2. Identifica e describe variacións e contrastes de velocidade e intensidade tras a escoita de obras musicais. | Identifica variacións e contrastes de velocidade e intensidade tras a escoita de obras musicais. |
| EMB1.4.1. Establece unha relación entre o | Establece unha relación entre o que escoita e |

| | |
|---|---|
| que escoita e represéntao nun musicograma ou nunha partitura sinxela. | represéntaocon axuda nun musicograma ou nunha partitura sinxela. |
| EMB1.4.2. Identifica as partes dunha peza musical sinxela e presenta graficamente a súa estrutura. | Identifica as partes dunha peza musical sinxela. |
| EMB1.4.3. Representa graficamente, con linguaxe convencional ou non, os trazos característicos da música escoitada. | Representa graficamente, con linguaxe convencional ou non, algún trazo característico da música escoitada. |
| EMB2.1.1. Utiliza de xeito correcto a linguaxe musical traballada para a interpretación de obras. | Utiliza con axuda linguaxe musical traballada para a interpretación de obras. |
| EMB2.1.2. Traduce á linguaxe musical convencional melodías e ritmos sinxelos. | Traduce á linguaxe musical convencional melodías ou ritmos sinxelos. |
| EMB2.1.3. Interpreta pezas vocais e instrumentais sinxelas con distintos agrupamentos con e sen acompañamento. | Interpreta pezas vocais e instrumentais sinxelas con alomenos un instrumento. |
| EMB2.1.4. Toma conciencia dos erros cometidos e amosa interese por mellorar. | Toma conciencia dos erros cometidos e amosa interese por mellorar. |
| EMB2.2.1. Crea unha peza musical sinxela a partir da selección, a combinación e a organización dunha serie de elementos dados previamente, coñecidos e/ou manexados. | Crea con axuda unha peza musical sinxela a partir da selección, a combinación e a organización dunha serie de elementos dados previamente, coñecidos e/ou manexados. |
| EMB2.2.2. Amosa respecto e responsabilidade no traballo individual e colectivo. | Amosa respecto e responsabilidade no traballo individual e colectivo. |
| EMB2.3.1. Emprega instrumentos materiais e dispositivos electrónicos para crear pezas musicais sinxelas e para a sonorización de imaxes e representacións dramáticas. | Emprega instrumentos materiais ou dispositivos electrónicos para crear pezas musicais sinxelas e para a sonorización de imaxes e representacións dramáticas. |

| | |
|---|---|
| EMB2.3.2. Constrúe algún instrumento orixinal ou similar a un existente. | Constrúe con axuda algún instrumento orixinal ou similar a un existente. |
| EMB3.1.1. Identifica e utiliza o corpo como instrumento para a expresión de sentimentos e emocións, e como forma de interacción social. | Identifica e utiliza o corpo como instrumento para a expresión de sentimentos e emocións, e como forma de interacción social. |
| EMB3.1.2. Inventa e reproduce pequenas coreografías que corresponden coa forma interna dunha obra musical de forma sinxela binaria, ternaria e rondó. | Reproduce pequenas coreografías que corresponden coa forma interna dunha obra musical de forma sinxela binaria, ternaria e rondó. |
| EMB3.2.1. Controla a postura e a coordinación coa música cando interpreta danzas. | Controla a postura e intenta a coordinación coa música cando interpreta danzas. |
| EMB3.2.2. Identifica, reproduce e goza interpretando danzas tradicionais galegas e doutras | Identifica, reproduce danzas tradicionais galegas e doutras culturas. |

| CURSO | CUARTO |
|---|---|
| Estándares de aprendizaxe | **Mínimos esixibles** |
| EMB1.1.1. Expresa as súas apreciacións persoais sobre o feito artístico musical. | Expresa as súas apreciacións persoais sobre o feito artístico musical. |
| EMB1.1.2. Manifesta as sensacións, as impresións e os sentimentos que lle provoca a audición dunha peza musical. | Manifesta as sensacións, as impresións e os sentimentos que lle provoca a audición dunha peza musical. |
| EMB1.1.3. Coñece, entende e respecta as normas de comportamento en audicións e representacións musicais. | Coñece, entende e respecta as normas de comportamento en audicións e representacións musicais. |
| EMB1.1.4. Identifica e valora as manifestacións artísticas propias de Galicia. | Identifica as manifestacións artísticas propias de Galicia. |

| CURSO | CUARTO |
|---|---|
| Estándares de aprendizaxe | **Mínimos esixibles** |
| EMB1.2.1. Describe e dá información salientable sobre elementos da linguaxe musical presentes nas manifestacións musicais e nos sons do contexto. | Describe e dá algunha información salientable sobre elementos da linguaxe musical presentes nas manifestacións musicais e nos sons do contexto. |
| EMB1.3.1. Distingue e clasifica tipos de voces e instrumentos, e agrupacións instrumentais ou vocais. | Distingue e clasifica algúns tipos de voces e instrumentos, e agrupacións instrumentais ou vocais. |
| EMB1.3.2. Identifica e describe variacións e contrastes de velocidade e intensidade tras a escoita de obras musicais. | Identifica e describe algunhas variacións e contrastes de velocidade e intensidade tras a escoita de obras musicais. |
| EMB1.3.3. Identifica, clasifica e completa os compases traballados. | Identifica, clasifica e completa algúns compases traballados. |
| EMB1.4.1. Identifica de xeito visual e auditivo os instrumentos. | Identifica de xeito visual e auditivo algúns instrumentos. |
| EMB1.4.2. Clasifica os instrumentos por familias: vento, corda e percusión. | Clasifica a metade dos instrumentos por familias: vento, corda e percusión. |
| EMB1.4.3. Procura información, organízaa e preséntaa sobre a música e os instrumentos doutras culturas. | Procura información sobre a música e os instrumentos doutras culturas. |
| EMB1.5.1. Establece unha relación entre o que escoita e represéntao nun musicograma ou nunha partitura sinxela. | Establece unha relación entre o que escoita e represéntao con axuda nun musicograma ou nunha partitura sinxela. |
| EMB1.5.2. Identifica as partes dunha peza musical sinxela e representa graficamente a súa estrutura. | Identifica as partes dunha peza musical sinxela e representa graficamente a súa estrutura. |
| EMB1.5.3. Representa graficamente, con linguaxe musical convencional ou non, os | Representa graficamente e con axuda, con linguaxe musical convencional ou non, os trazos |

| CURSO | CUARTO |
|---|---|
| Estándares de aprendizaxe | **Mínimos esixibles** |
| trazos característicos da música escoitada. | característicos da música escoitada. |
| EMB1.5.4. Utiliza aplicacións informáticas para representar ou realizar tarefas de análise e produción musical. | Utiliza aplicacións informáticas con axuda para representar ou realizar tarefas de análise e produción musical. |
| EMB2.1.1. Coñece e utiliza a linguaxe musical para a interpretación de obras. | Coñece e utiliza con axuda a linguaxe musical para a interpretación de obras. |
| EMB2.1.2. Traduce á linguaxe musical convencional melodías e ritmos sinxelos. | Traduce á linguaxe musical convencional melodías ou ritmos sinxelos. |
| EMB2.1.3. Interpreta pezas vocais e instrumentais sinxelas con distintos agrupamentos, con e sen acompañamento. | Interpreta pezas vocais ou instrumentais sinxelas con distintos agrupamentos, con e sen acompañamento. |
| EMB2.1.4. Analiza a interpretación e valora o resultado, amosando interese por mellorar. | Analiza a interpretación e valora o resultado, amosando interese por mellorar. |
| EMB2.2.1. Crea unha peza musical sinxela a partir da selección, a combinación e a organización dunha serie de elementos dados previamente, coñecidos e manexados. | Crea con axuda unha peza musical sinxela a partir da selección, a combinación e a organización dunha serie de elementos dados previamente, coñecidos e manexados. |
| EMB2.2.2. Amosa respecto e responsabilidade no traballo individual e colectivo. | Crea unha peza musical sinxela a partir da selección, a combinación e a organización dunha serie de elementos dados previamente, coñecidos e manexados. |
| EMB2.3.1. Emprega instrumentos materiais, dispositivos electrónicos e recursos informáticos para crear pezas musicais sinxelas para a sonorización de imaxes e representacións dramáticas. | Emprega instrumentos materiais, dispositivos electrónicos ou recursos informáticos para crear pezas musicais sinxelas para a sonorización de imaxes e representacións dramáticas. |

| CURSO | CUARTO |
|---|---|
| Estándares de aprendizaxe | **Mínimos esixibles** |
| EMB2.3.2. Constrúe algún instrumento orixinal ou similar a un existente. | Constrúe con axuda algún instrumento orixinal ou similar a un existente. |
| EMB3.1.1. Identifica e utiliza o corpo como instrumento para a expresión de sentimentos e emocións e como forma de interacción social. | Identifica e utiliza o corpo como instrumento para a expresión de sentimentos e emocións e como forma de interacción social. |
| EMB3.1.2. Inventa e reproduce pequenas coreografías que corresponden coa forma interna dunha obra musical de forma sinxela binaria, ternaria e rondó. | Reproduce pequenas coreografías que corresponden coa forma interna dunha obra musical de forma sinxela binaria, ternaria e rondó. |
| EMB3.2.1. Controla a postura e a coordinación coa música cando interpreta danzas. | Controla a postura e intenta a coordinación coa música cando interpreta danzas. |
| EMB3.2.2. Recoñece danzas de diferentes lugares e culturas, e valora a súa achega ao patrimonio artístico e cultural. | Recoñece danzas de diferentes lugares e culturas. |
| EMB3.2.3. Reproduce e goza interpretando danzas tradicionais galegas e doutras culturas. | Reproduce danzas tradicionais galegas e doutras culturas. |

| CURSO | QUINTO |
|---|---|
| Estándares de aprendizaxe | **Mínimos esixibles** |
| EMB1.1.1. Expresa as súas apreciacións persoais sobre o feito artístico musical. | Expresa as súas apreciacións persoais sobre o feito artístico musical. |
| EMB1.1.2. Manifesta as sensacións, as impresións e os sentimentos que lle provoca a audición dunha peza musical. | Manifesta as sensacións, as impresións e os sentimentos que lle provoca a audición dunha peza musical. |

| CURSO | QUINTO |
|---|---|
| Estándares de aprendizaxe | **Mínimos esixibles** |
| EMB1.1.3. Respecta as opinións dos compañeiros e das compañeiras. | Respecta as opinións dos compañeiros e das compañeiras. |
| EMB1.1.4. Coñece, entende e respecta as normas de comportamento en audicións e representacións musicais. | Coñece, entende e respecta as normas de comportamento en audicións e representacións musicais. |
| EMB1.2.1. Describe e dá información salientable sobre elementos da linguaxe musical presentes nas manifestacións musicais e nos sons do contexto. | Describe e dá información básica sobre elementos da linguaxe musical presentes nas manifestacións musicais e nos sons do contexto. |
| EMB1.3.1. Distingue e clasifica tipos de voces, e agrupacións vocais e corais. | Distingue e clasifica algúns tipos de voces, e agrupacións vocais e corais. |
| EMB1.3.2. Identifica e describe variacións e contrastes de velocidade e intensidade tras a escoita de obras musicais. | Identifica e describe de maneira básica variacións e contrastes de velocidade e intensidade tras a escoita de obras musicais. |
| EMB1.3.3. Identifica, clasifica e completa os compases traballados. | Identifica, clasifica e completa os compases traballados. |
| EMB1.3.4. Identifica e utiliza correctamente os elementos da linguaxe musical traballados. | Identifica e utiliza correctamente os elementos da linguaxe musical traballados. |
| EMB1.4.1. Procura e selecciona a información de xeito autónomo e con sentido crítico. | Procura e selecciona a información con axuda e con sentido crítico. |
| EMB1.4.2. Planifica o traballo respectando as ideas e as contribucións das demais persoas. | Planifica o traballo respectando as ideas e as contribucións das demais persoas. |
| EMB1.4.3. Expón a información de maneira clara, limpa e ordenada, en varios soportes. | Expón a información de maneira clara, limpa e ordenada de maneira básica. |

| CURSO | QUINTO |
| --- | --- |
| Estándares de aprendizaxe | **Mínimos esixibles** |
| EMB1.5.1. Identifica de xeito visual e auditivo os instrumentos. | Identifica de xeito visual e auditivo a metade dos instrumentos. |
| EMB1.5.2. Clasifica os instrumentos atendendo á súa forma de producir o son (aerófonos, cordófonos, membranófonos, idiófonos e electrófonos). | Clasifica a metade dos instrumentos atendendo á súa forma de producir o son (aerófonos, cordófonos, membranófonos, idiófonos e electrófonos). |
| EMB1.5.3. Procura información, organízaa e preséntaa sobre a música e os instrumentos doutras culturas. | Procura información, organízaa e preséntaa con axuda sobre a música e os instrumentos doutras culturas. |
| EMB1.6.1. Establece unha relación entre o que escoita e represéntao nun musicograma ou nunha partitura sinxela. | Establece unha relación entre o que escoita e represéntao con axuda nun musicograma ou nunha partitura sinxela. |
| EMB1.6.2. Identifica as partes dunha peza musical sinxela, e representa graficamente a súa estrutura. | Identifica as partes dunha peza musical sinxela. |
| EMB1.6.3. Representa graficamente, con linguaxe convencional ou non, os trazos característicos da música escoitada. | Representa graficamente, con linguaxe convencional ou non, algúns trazos característicos da música escoitada. |
| EMB1.7.1. Identifica as manifestacións artísticas propias de Galicia. | Identifica as manifestacións artísticas propias de Galicia. |
| EMB1.7.2. Expón a información recollida de xeito ordenado, e achega evidencias do traballo realizado. | Expón a información recollida de xeito ordenado. |
| EMB2.1.1. Coñece e utiliza a linguaxe musical tratada para a interpretación de obras. | Coñece e utiliza con axuda a linguaxe musical tratada para a interpretación de obras. |
| EMB2.1.2. Traduce á linguaxe musical convencional melodías e ritmos. | Traduce á linguaxe musical convencional algunhas melodías e ritmos. |

| CURSO | QUINTO |
|---|---|
| Estándares de aprendizaxe | **Mínimos esixibles** |
| EMB2.1.3. Interpreta pezas vocais e instrumentais sinxelas con distintos agrupamentos, con e sen acompañamento. | Interpreta algunhas pezas vocais e instrumentais sinxelas con distintos agrupamentos, con e sen acompañamento. |
| EMB2.1.4. Fai avaliación da interpretación amosando interese e esforzo por mellorar. | Fai avaliación da interpretación amosando interese e esforzo por mellorar. |
| EMB2.2.1. Crea e representa mediante grafías convencionais e non convencionais os sons dunha obra musical sinxela, creada, individualmente ou en grupos no contexto da aula. | Representa mediante grafías convencionais ou non convencionais os sons dunha obra musical sinxela, creada, individualmente ou en grupos no contexto da aula. |
| EMB2.2.2. Crea unha peza musical sinxela a partir da selección, a combinación e a organización dunha serie de elementos dados previamente, coñecidos ou manexados. | Crea con axuda unha peza musical sinxela a partir da selección, a combinación e a organización dunha serie de elementos dados previamente, coñecidos ou manexados. |
| EMB2.2.3. Amosa respecto e responsabilidade no traballo individual e colectivo. | Amosa respecto e responsabilidade no traballo individual e colectivo. |
| EMB2.2.4. Realiza acompañamentos sinxelos de cancións e melodías relacionadas coa propia cultura. | Realiza acompañamentos sinxelos dalgunha canción e melodía relacionada coa propia cultura. |
| EMB2.3.1. Emprega instrumentos materiais e dispositivos electrónicos e informáticos para crear acompañamentos. | Emprega instrumentos materiais ou dispositivos electrónicos e informáticos para crear acompañamentos. |
| EMB2.3.2. Constrúe algún instrumento orixinal ou similar a un existente. | Constrúe con axuda algún instrumento orixinal ou similar a un existente. |
| EMB3.1.1. Identifica e utiliza o corpo como instrumento para a expresión de | Identifica e utiliza o corpo como instrumento para a expresión de sentimentos e emocións, e |

| CURSO | QUINTO |
|---|---|
| Estándares de aprendizaxe | **Mínimos esixibles** |
| sentimentos e emocións, e como forma de interacción social. | como forma de interacción social. |
| EMB3.1.2. Inventa e reproduce pequenas coreografías que corresponden coa forma interna dunha obra musical de forma sinxela binaria, ternaria e rondó. | Reproduce pequenas coreografías que corresponden coa forma interna dunha obra musical de forma sinxela binaria, ternaria e rondó. |
| EMB3.2.1. Controla a postura e a coordinación coa música cando interpreta danzas. | Controla a postura e a intenta a coordinación coa música cando interpreta danzas. |
| EMB3.2.2. Coñece e identifica danzas de diferentes lugares e culturas, e valora a súa achega ao patrimonio artístico e cultural. | Coñece e identifica danzas de diferentes lugares e culturas. |
| EMB3.2.3. Reproduce e goza interpretando danzas tradicionais galegas e doutras culturas. | Reproduce danzas tradicionais galegas e doutras culturas. |
| EMB3.3.1. Planifica a coreografía de acordo coa estrutura musical dada. | Planifica con axuda a coreografía de acordo coa estrutura musical dada. |
| EMB3.3.2. Colabora co grupo en coordinación e con respecto cara ás demais persoas. | Colabora co grupo en coordinación e con respecto cara ás demais persoas. |
| EMB3.3.3. Expón as valoracións e as informacións recollidas ao longo do proceso de creación. | Expón de maneira básica as valoracións e as informacións recollidas ao longo do proceso de creación. |
| EMB3.3.4. Amosa interese por mellorar o produto final, e fai unha avaliación crítica do resultado. | Amosa interese por mellorar o produto final, e fai unha avaliación crítica do resultado. |

| CURSO | SEXTO |
|---|---|
| Estándares de aprendizaxe | **Mínimos esixibles** |
| EMB1.1.1. Identifica, clasifica e describe as calidades dos sons do contexto natural e social, utilizando un vocabulario preciso. | Identifica, clasifica e describe as calidades dos sons do contexto natural e social, utilizando un vocabulario básico. |
| EMB1.2.1. Distingue tipos de voces, instrumentos, variacións e contrastes de velocidade e intensidade, tras a escoita de obras musicais, con capacidade para emitir unha valoración destas. | Distingue algúns tipos de voces, instrumentos, variacións e contrastes de velocidade e intensidade, tras a escoita de obras musicais. |
| EMB1.2.2. Interésase por descubrir obras musicais de diferentes características, e utilízaas como marco de referencia para as creacións propias. | Interésase por descubrir obras musicais de diferentes características. |
| EMB1.3.1. Coñece, entende e cumpre as normas de comportamento en audicións e representacións musicais. | Coñece, entende e cumpre as normas de comportamento en audicións e representacións musicais. |
| EMB1.3.2. Comprende, acepta e respecta o contido das normas que regulan a propiedade intelectual canto á reprodución e a copia de obras musicais. | Comprende, acepta e respecta o contido das normas que regulan a propiedade intelectual canto á reprodución e a copia de obras musicais. |
| EMB2.1.1. Recoñece e describe as calidades da voz a través de audicións diversas, e recréaas. | Recoñece as calidades da voz a través de audicións diversas, e recréaas. |
| EMB2.2.1. Recoñece e clasifica instrumentos acústicos e electrónicos, diferentes rexistros da voz, e agrupacións vocais e instrumentais. | Recoñece e clasifica algúns instrumentos acústicos e electrónicos, diferentes rexistros da voz, e agrupacións vocais e instrumentais. |
| EMB2.2.2. Utiliza a linguaxe musical para a interpretación de obras. | Utiliza con axuda a linguaxe musical para a interpretación de obras. |

| CURSO | SEXTO |
|---|---|
| Estándares de aprendizaxe | **Mínimos esixibles** |
| EMB2.2.3. Traduce á linguaxe musical convencional melodías e ritmos sinxelos. | Traduce á linguaxe musical convencional algunhas melodías e ritmos sinxelos. |
| EMB2.2.4. Interpreta pezas vocais e instrumentais de diferentes épocas, estilos e culturas para distintos agrupamentos, con e sen acompañamento | Interpreta algunhas pezas vocais e instrumentais de diferentes épocas, estilos e culturas para distintos agrupamentos, con e sen acompañamento. |
| EMB2.2.5. Coñece e interpreta cancións de distintos lugares, épocas e estilos, e valora a súa achega ao enriquecemento persoal, social e cultural. | Coñece e interpreta cancións de distintos lugares, épocas e estilos. |
| EMB2.2.6. Amosa respecto polo traballo das demais persoas e responsabilidade no traballo individual e colectivo. | Amosa respecto polo traballo das demais persoas e responsabilidade no traballo individual e colectivo. |
| EMB2.2.7. Analiza as interpretacións feitas, recoñece erros e amosa interese por traballar para corrixilos. | Analiza as interpretacións feitas, recoñece erros e amosa interese por traballar para corrixilos. |
| EMB2.3.1. Procura información bibliográfica, en medios de comunicación e en internet sobre instrumentos, compositores/as, intérpretes e eventos musicais. | Procura información bibliográfica, en medios de comunicación ou en internet sobre instrumentos, compositores/as, intérpretes e eventos musicais. |
| EMB2.3.2. Presenta e expón a información de xeito claro, ordenado e limpo en varios soportes. | Presenta e expón a información de xeito claro, ordenado e limpo. |
| EMB2.3.3. Utiliza os medios audiovisuais e recursos informáticos para crear pezas musicais e para a sonorización de imaxes e representacións dramáticas. | Utiliza os medios audiovisuais ou recursos informáticos para crear pezas musicais e para a sonorización de imaxes e representacións dramáticas. |

| CURSO | SEXTO |
|---|---|
| Estándares de aprendizaxe | **Mínimos esixibles** |
| EMB3.1.1. Identifica o corpo como instrumento para a expresión de sentimentos e emocións, e como forma de interacción social. | Identifica o corpo como instrumento para a expresión de sentimentos e emocións, e como forma de interacción social. |
| EMB3.1.2. Controla a postura e a coordinación coa música cando interpreta danzas. | Controla a postura e intenta a coordinación coa música cando interpreta danzas. |
| EMB3.1.3. Coñece danzas de distintas épocas e lugares, e valora a súa achega ao patrimonio artístico e cultural. | Coñece danzas de distintas épocas e lugares. |
| EMB3.1.4. Reproduce e goza interpretando danzas tradicionais españolas, e entende a importancia da súa continuidade e o traslado ás xeracións futuras. | Reproduce danzas tradicionais españolas. |
| EMB3.1.5. Inventa coreografías de grupo que corresponden coa forma interna dunha obra musical e supón unha orde espacial e temporal. | Inventa con axuda coreografías de grupo que corresponden coa forma interna dunha obra musical e supón unha orde espacial e temporal. |
| EMB3.1.6. Analiza as danzas realizadas, recoñece os erros e amosa interese por mellorar o produto. | Analiza as danzas realizadas, recoñece os erros e amosa interese por mellorar o produto. |
| EMB3.1.7. Respecta o traballo en grupo e participa nel de xeito pracenteiro, amosando confianza nas propias posibilidades e nas das demais persoas. | Respecta o traballo en grupo e participa nel de xeito pracenteiro, amosando confianza nas propias posibilidades e nas das demais persoas. |
| EMB3.1.8. Amosa respecto polas demais persoas e colaboración con elas. | Amosa respecto polas demais persoas e colaboración con elas. |

12. Medidas de atención á diversidade.

O *Decreto 229/2011 do 7 de decembro, polo cal se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia* (DOG do 21 de decembro de 2011), establece dous tipos de medidas de atención á diversidade: **Ordinarias (**reforzo educativo por parte do mestre de música ao alumnado con dificultades de aprendizaxe e fomento da naturalización da situación no grupo- clase, a inclusión do alumno/a no grupo, procurando que os compañeiros/as lle axuden e o traten como un máis), e **Extraordinarias (**coordinación co profesorado especialista de PT, AL, Orientadora).

As Necesidades Específicas de Apoio Educativo por nivel a ter en conta no desenvolvemento da clases de Música son:

| Nivel | Casos de NEAE |
|---|---|
| **4º** | Dous alumnos con Adaptación Curricular Individualizada: un con diagnóstico de autismo e un con dificultades psicomotoras e cognitivas. |
| **6º** | Un alumno con dificultades psicomotrices derivadas de ictus cerebral. |

13. Programa de reforzo para a recuperación de materias pendentes.

Realizarei un seguemento individualizado tendo en conta a progresión respecto ao grao mínimo de consecución establecido por cada estándar de aprendizaxe avaliable, e empregarei medidas en caso de que o alumno/a non promocione, acompañadas dun plan específico de reforzo ou de recuperación e apoio ou, no caso de que promocione de curso coa materia suspensa, deberá seguir un plan específico de recuperación, seguido e coordinado pola mestra de educación musical.

14. Actividades complementarias e extraescolares.

Desenvolveranse actividades complementarias en función das necesidades do alumnado e dos contidos traballados. Podernase realizar saídas a concertos didácticos como poden ser os propostos polo Auditorio de Galicia e a Real Filharmonía de Galicia en Santiago de Compostela ou o Palacio da Ópera e a Orquestra Sinfónica de Galicia en A Coruña, así como outros que poden aparecer ao longo do curso escolar e ser de

interese para a evolución da materia e do propio alumnado, sen necesidade de seren levadas e aprobadas en Consello Escolar, si autorizadas e respaldadas pola Dirección do centro e Pais/Nais/Titores dos alumnos e alumnas. Poderanse programarse, asimesmo, actividades en colaboración con músicos ou agrupacións alleas ao centro, en contribución aos contidos traballados. Destacar tamén outras actividades formativas que podan ser propostas dende as titorías, como saídas pola contorna.

Realizaranse actividades complementarias en días en que a xornada escolar será reducida co gallo das conmemoracións seguintes: 31 de outubro (Magosto), 21 de decembro (Nadal), 1 de marzo (Entroido), 21 de xuño (Fin de curso).

15. Accións previstas de acordo co plan lector.

A materia de Música contribuirá na adquisición dos obxectivos propostos polo Plan Lector con actividades de interese musical para o alumnado, que conterán lecturas diversas e exercicios de comprensión lectora sobre algún tema relacionado coa música: artigos, documentos gráficos con información sobre compositores, instrumentos, agrupacións musicais, historia, diferentes estilos de música, e, en relación coas TIC, desenvolveranse actividades de comprensión lectora sobre diferentes páxinas web de ámbito musical e traballos colectivos sobre o contido das mesmas. Así mesmo, terase en conta unha data moi importante: o Día das Letras Galegas, que este ano 2018 está adicado a Antón Fraguas, deseñando actividades relacionadas en todos os cursos. (Estas actividades contribuirán ao mesmo tempo ao Proxecto Lingüístico).

16. Integración das TIC´s.

Desde Música contribuirase á adquisición dos obxectivos propostos polo Plan TIC con actividades de interese musical para o alumnado que conterán exercicios e tarefas sobre algún tema relacionado coa música empregando o ordenador persoal (ABALAR) en 5º e 6º cursos e a aula de informática nos restantes; páxinas adicadas á aprendizaxe da música (www.musicaeduca.com), audicións e vídeos sobre os instrumentos e agrupacións musicais ou compositores e compositoras (youtube).

17. Criterios para avaliar a propia programación.

| AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA | Si | Non | AV |
|---|---|---|---|
| Existe coherencia entre obxectivos e contidos? | | | |
| Xurdiu algún problema non previsto? | | | |
| Foi axeitado o material empregado? | | | |
| Espertou o interese dos alumnos e alumnas? | | | |
| Empregáronse actividades axeitadas? | | | |
| A temporalización e a secuenciación foron as correctas? | | | |
| A aprendizaxe dos alumnos foi satisfactoria? | | | |
| Que actividades deberían ser modificadas/ substituídas /eliminadas? | | | |
| Observacións: | | | |